

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Xohán Ledo do 25/01/1965**

**Colección:**

**Data:** 25/01/1965

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Xohán Ledo;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*Bestiario*, de A. Girri; *Homenaje a Venecia*; Artes; Artes visuais;

**Mencionados:**

Mimi Alonso da Cuña; Francisco Fernández del Riego; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Xohán Ledo do 25/01/1965**

Buenos Aires, 25 de Xaneiro de 1965

Sr. D. Ricardo García Suárez  
Vigo

Meu querido amigo:

Eiquí quedou por unha confusión que non me perdono o exemplar de Homenaje a Venecia destinado a tí. Onte, revisando unha morea de paquetes no me estudio, atopeime, co disgusto que podes maxinarte pois tiña creído estaría xa no teu poder. Supoño que xa o terás visto, pois envíelle un exemplar a Paco. Trátase de once grabados en cor nos que intento ofrecer unha versión de Venecia. Tés que perdoarme por non telo remitido denantes, supoñía que o tiña levado ao correo o mesmo día do de Del Riego. Traballo bastante. Dende que cheguei fixen tres murales, gravei ise novo álbum, mais outro, Bestiario, que sairá no próisimo mes. Calculamos que pra setembro estaremos novamente en Galicia co propósito de quedarnos o mais tempo posíbel. Lembrámonos de todos vós, e a tí, e mais a Mimí, estamos Maruja i eu moi agradecidos pol-as vosas atencións. Un destes días enviareille a Del Riego unha lista de publicacións miñas, de dibuxos e grabados, e unha lista de exposicións, etc., pra completar a monografía de Domingo, que me escribiu fai poucos días e dime que por estas datas entregaba o seu traballo a Galaxia. Si che escribo que sinto facerche traballar no coidado dela, mentiría. Estou contento de que ti proyectes e cuides da edición.

Unha grande aperta pra Mimí e pra ti de Maruja e miña:

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.